

acordo co artigo 7 da Orde do 26 de maio de 2008, (DOG nº 100, do 26 de maio) pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a plans empresariais de estabilidade laboral, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008, en relación co Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo, e a Orde do 7 de setembro de 2006 da Consellería de Traballo, sobre delegación e desconcentración de competencias nos órganos centrais e periféricos da Consellería de Traballo.

Segundo.-O artigo 11 da orde reguladora en relación cos artigos 42.1º e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro).

Intentada a notificación de conformidade co establecido legalmente, tendo en conta as garantías do procedemento e ante a non presentación polo solicitante da documentación requirida no prazo concedido, esta delegación provincial, vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

ACORDA:

Declarar a desistencia da súa solicitude.

Notifíquesele esta resolución ao interesado, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa e contra ela cabe formular recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes, que comezará a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante esta delegación provincial da Consellería de Traballo, todo isto de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugo, 11 de decembro de 2008. P.D. José Miguel Vázquez Calvo. Delegado provincial de Lugo».

Os correspondentes expedientes constan no Servizo de Promoción do Emprego da Delegación Provincial da Consellería de Traballo en Lugo.

Lugo, 11 de decembro de 2008.

José Miguel Vázquez Calvo
Delegado provincial de Lugo

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE BECERREÁ

Anuncio.

No BOP de Lugo número 278, do 2 de decembro de 2008, publícanse integramente a convocatoria e as bases para a selección de persoal laboral fixo para un posto de traballo de director do Centro de Servizos Sociais do Concello de Becerreá mediante oposición libre, aprobadas por resolución da Alcaldía do 20 de novembro de 2008.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOE.

Os sucesivos anuncios relacionados con esta convocatoria faranse públicos no BOP de Lugo ou no taboleiro de anuncios do Concello.

Becerreá, 15 de decembro de 2008.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE FENE

Anuncio de licitación para a contratación do servizo consistente na revisión e nova redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Fene, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Fene.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral (Unidade de Contratación).

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: revisión e nova redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Fene.

b) Prazo de execución: trinta e seis (36) meses, contados desde a data de sinatura do contrato, e de acordo cos prazos parciais especificados na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto, con multiplicidade de criterios de adxudicación.

4. Orzamento base de licitación.

a) Orzamento: 193.103,45 €.

b) IVE (16%): 30.896,55 €.